

Xilografías do álbum *INSECTARIO*

Papel 44 x 32 cm

Estampación 42 x 30 cm

—
En cuberta,
en orde
de esquerda
a dereita:

Fero bardallas

Semella disciplinada

Semella ser importante

Matino que non è finouco

Afincando as extremidades

En actitude de pescudar

Sarandeando no xardín

Novo, algo percura

Non esquece nada

Finchada por pasatempo


È unha páxara

Camiña con moita seguranza

Dona de algunha idade

Escolleitos ademáns

Guerreiro argallante



LUÍS
SEOANE

Acordanzas

—
Día das Artes Galegas
1 de abril 2019

OBRAS NO
MUSEO
PROVINCIAL
DE LUGO

OBRAS DE LUÍS SEOANE NO MUSEO PROVINCIAL DE LUGO

O Museo Provincial conserva un, o nº66, dos 170 exemplares asinados e numerados do álbum ***INSECTARIO 15 gravados en madeira*** de Luís Seoane que se publicou en 1975.

As 15 xilografías que formaron parte do álbum están enmarcadas individualmente e exhibense como colección na SALA 24. O resto da publicación, cubertas e textos, consérvase na biblioteca do museo.

A Editorial *Tres, catorce, dezasete* de Madrid publicou en 1975 o álbum de Luís Seoane ***INSECTARIO 15 gravados en madeira*** cunha tirada de 170 exemplares asinados e numerados. Tratábase do nº2 da *Colección Experiencia Gráfica*, un interesante, novo e coidado proxecto editorial que combinaba textos e obra gráfica. A colección iniciouse en 1974 co nº0 titulado *ELENCAR*, do poeta Carlos Oroza (Viveiro 1929-Vigo 2015) e ao ano seguinte o nº1, *La sensorialidad excéntrica de Raoul Hausmann. 1968-69*, que incluía serigrafías do artista dadá e tamén o seu último escrito.

O álbum ***INSECTARIO*** preséntase con cuberta de cartón estampada a dúas tintas e encadernación en espiral. O interior contén un prólogo, reproducido en galego e en castelán, escrito polo pintor e editor Raimundo Patiño (A Coruña, 1936-1985) e as quince xilografías, unha por páxina, que representan a outros tantos insectos.

Das 15 estampas, 12 están realizadas a partir dunha única prancha de madeira e aplicando unha soa tinta, con predominio de tons sepias e pardos. Para as tres restantes (*Semella ser importante*, *Finchada por pasatempo* e *Doa de algunha idade*), tal e como o require a técnica xilográfica, Seoane precisou utilizar dúas pranchas de madeira para cada unha delas. Unha prancha para cada unha das cores (tintas) empregadas, neste caso máis intensas: magenta, violeta e verdes.

Cada lámina leva inscrito o título correspondente, realizado con incisión xilográfica, entintado e formando parte do propio deseño. Sorprende a coidada elección de cada unha das frases ou sentenzas coas que o autor acompaña as figuras. Con elas fai referencia a unha acción, unha sensación, un parecer co que Seoane intencionadamente, valéndose dun recurso literario, personifica aos insectos representados. A súa obra plástica conecta coa súa obra literaria, a que mantivo ao longo da súa vida con múltiples proxectos editoriais e destacada actividade en semanarios políticos e revistas de arte e literatura.



As xilografías están discretamente asinadas co inicial S. realizada tamén con incisión na prancha de madeira



Cuberta e portada do álbum ***INSECTARIO***

15 gravados en madeira
1975

Editorial *Tres, catorce, dezasete*. Madrid

(O 18 de maio de 2010, durante a celebración do Día Internacional dos Museos, coincidindo ademais co 100 aniversario do nacemento de Luís Seoane, o Museo Provincial de Lugo obsequiou ao público visitante cunha colección de marcapáxinas que reproducían precisamente fragmentos das xilografías do ***INSECTARIO*** que se conserva no museo).

O álbum é unha significativa mostra da intensa dedicación de Seoane ao gravado en xeral e á xilografía en par-

ticular, técnica coa que se expresaba con comodidade. As características propias do gravado en madeira permitíanlle manter unha estética que caracterizou gran parte da súa obra gráfica dos anos 50 e sobre todo das décadas dos 60 e os 70.

A xilografía foi a técnica empregada en álbums como *Campesiños* (1954), *Dez xilografías orixinais* (1965), *Home-naxe a Venecia* (1964), *Refráns criollos* (1965), *Insectario* (1975), *Bestiario* (1976), *Imaxes celtas* (1977) e *Imaxes de Galicia* (1977). En todos eles a pegada, veta e textura da madeira caracteriza as composicións e dálles certa unidade. ***INSECTARIO*** está directamente relacionado, tanto en concepto como en técnica, cos dous bestiarios: *Dez xilografías orixinais* e *Bestiario*.

O interese de Seoane polo gravado ten que ver co seu afán de popularizar a arte. De aí a dedicación a experimentar coas técnicas que lle permitían levar a arte á posibilidade da reprodución (tiradas, series numeradas...), alcanzable para un público amplo, e ao tempo establecer unha relación directa co mundo editorial que tanto lle atraía.

Tampouco hai que esquecer que Seoane desenvolveu case todo o seu traballo no exilio en Arxentina, onde o gravado, como en Uruguai, tivo un importante crecemento durante as décadas dos 60 e os 70. Bos Aires e Montevideo foron os núcleos dunha intensa actividade plástica protago-

nizada polo gravado. Proba diso é precisamente outra das coleccións do Museo Provincial, a de gravado arxentino e uruguai, cunha significada representación de autores e autoras (Raúl Cattelani, Ruisdael Suárez, Lila González, Hilda Ferreira...) moi importantes nos seus respectivos países.

Ademais do álbum ***INSECTARIO***, o museo posúe outras 3 obras de Seoane, unha paisaxe e dous retratos, que se conservan na área de reserva destinada aos fondos de Belas Artes.



Paisaxe e sol poñente

Xilografía sobre papel.
Exemplar 12 de 17
Papel de 56 x 56 cm
Estampación 37 x 34 cm

A colección do museo é unha pequena mostra da diversa e extensa actividade creativa e profesional de Luís Seoane (Bs. Aires 1910 – A Coruña 1979). A súa



Retrato de Maruxa

1975
Obra gráfica
37,3 x 25,9 cm

Autorretrato

1974
Obra gráfica
37,3 x 25,9 cm

inaudita capacidade de traballo levoulle a explorar con éxito o terreo da pintura, o debuxo e o gravado; o muralismo, a ilustración, o deseño, a escenografía, o xornalismo, a crítica de arte, a comunicación (*Galicia emigrante*, emisións radiofónicas desde Bos Aires de 1954 a 1971...). Sen esquecer a súa achega ao mundo empresarial, sirva de exemplo a creación xunto a Isaac Díaz Pardo do Laboratorio de Formas de Galicia para potenciar o deseño editorial e industrial galego así como a refundación da Fábrica de Cerámica de Sargadelos e a creación do Museo de Arte Contemporánea Carlos Maside de Sada.

Seoane é considerado un dos principais artistas contemporáneos de Galicia.